



## GUÍA DIDÁCTICA **XEACRONOS 1º ESO**



Materials elaborados por:  
Ramón Noche Fraga  
Miguel Carricoba Armesto

Realizados durante unha licenza  
de formación no curso 2013/14



### 1. *Apuntamentos*

Dispós de dous documentos co mesmo contido pero en distinto formato:

- Un en formato *.odt* para poder editalo cun procesador de textos convencional.
- Outro en formato *Libro* de Moodle, que permite unha mellor visualización do documento en internet.

A idea foi crear un documento base, partindo do proxecto curricular da nosa materia, sobre o que traballar o tema e que pode ser editado e modificado facilmente en cada un dos dous formatos.

Nesta unidade podemos diferenciar dúas partes:

- A formación do relevo terrestre, onde se traballarán os axentes internos e externos. Tamén se incorpora un **glosario** co vocabulario das distintas formas do relevo terrestre e oceánico.
- A localización xeográfica das formas de relevo máis importantes do mundo. Pódese traballar continente por continente ou conxuntamente a nivel mundial. Dispónse dunha colección de mapas mudos físicos para escoller a maneira que escollamos.

- 1 Composición da Terra
- 2 Océanos e continentes
- 3 A formación do relevo
  - 3.1 Axentes internos
  - 3.2 Axentes externos
- 4 Formas de relevo
- 5 Outro vocabulario de accidentes xeográficos
- 6 Listado de accidentes xeográficos do mundo
  - Mapa físico do mundo en branco
  - Mapas mudos físicos
  - Ficha para completar continentes e océanos

Fontes dos apuntamentos (baixo licenza CC):

- [Isaac Buzo](#).
- [Daniel Gómez Valle](#).



## 2. Recursos

Neste apartado dispós dos recursos web relacionados co tema que usamos nos apuntamentos anteriores e que aparecen sinalados cos iconos de:



Vídeo



Flash



Presentación

Recurso	Descrición
A formación do relevo	Presentación en flash que explica a formación do relevo cos axentes internos e externos.
Vídeo: A deriva continental (10')	Vídeo do canal Historia que explica a teoría da deriva continental.
Formas do relevo continental	Infografía en flash para repasar as formas do relevo continental.
Formas do relevo costeiro	Infografía en flash para repasar as formas do relevo costeiro.
Formas do fondo oceánico	Infografía en flash para repasar as formas do relevo oceánico.



## 3. Actividades

Neste apartado tes unha serie de actividades de repaso dos contidos e de profundización dos mesmos.

Actividade	Descrición
<a href="#">Comprensión lectora</a>	Cuestionario autoavaliabile de moodle de

	repaso do tema.
<a href="#">Coñeces as formas do relevo?</a>	Cuestionario autoavaliabile sobre o vocabulario das formas de relevo.
<a href="#">Pasapalabra</a>	Rosco do xogo “Pasapalabra” con vocabulario do tema.
<a href="#">Actividades (repaso e ampliación)</a>	Paquete de actividades de repaso e ampliación realizadas por JL Rodríguez Rodríguez.
<a href="#">Xeolocalizando</a>	Tres tarefas, a modo de xogo de investigación, na que o alumnado terá que buscar lugares do mundo empregando o recurso web “ <i>placespotting</i> ”
<a href="#">Repasa os continentes e océanos</a>	Actividade sinxela para repasar os continentes e os océanos.



#### 4. Obradoiro TIC

Presentámosche unha actividade para que o alumnado desenvolva habilidades relacionadas coas ferramentas TIC, neste caso os chamados “**marcadores sociais**”, unha ferramenta web que nos permite almacenar as páxinas web que nos resulten de interese para telas accesibles en calquera ordenador no que traballemos



#### 5. Enlaces

Aquí tes outros recursos web para que o alumnado reforce ou profundice distintos aspectos do tema.

Link	Descrición
<i>As capas da Terra</i>	Recurso en flash que repasa e amplía coñecementos sobre a estrutura da Terra. Contén actividades.

<i>A tectónica de placas</i>	Recurso en flash que amplía a información sobre a tectónica de placas
<i>Probas da deriva continental</i>	Presentación
<i>Titorial placespotting</i>	Titorial para poder realizar a actividade proposta de xeolocalizando